



COMPOSTELA CUP ATLETISMO

TEMPADA 2008-2009

REGLAMENTO DA
COMPETICIÓN DE ATLETISMO



xacobeo

caixanova



COMPOSTELA CUP 2009

REGLAMENTO XERAL DA COMPETICIÓN EN ATLETISMO

A competición en atletismo consistirá básicamente en dous tipos de probas:

1. Probas de pista
2. Probas en ruta

As probas en pista celebraranse nas instalacións destinadas a tal efecto, que serán: pistas de atletismo de Ourense, Noia, Gregorio Pérez de Lugo, A Fieiteira (Riveira) e estadio da Universidad de Santiago de Compostela (pistas que contan coa homologación pertinente).

As probas en ruta consistirán nunha carreira a pé con distancias adaptadas a cada categoría e celebraranse nos concellos de Arzúa, Boimorto (localidade de Boimorto), A Silva (Cerceda), Muros, Lestrove e Santiago de Compostela.

As categorías de competición (federativas) serán as seguintes:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO
BENXAMÍN	2000 – 2001
ALEVÍN	1998-1999
INFANTIL	1996-1997
CADETE	1994-1995

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Celebraranse un total de 5 xornadas en pista e 6 xornadas en ruta do seguinte xeito (as datas poderán sufrir cambios, feito que será indicado con anterioridade):

PISTA			RUTA		
XORNADA	CATEGORÍAS	LUGAR	XORNADA	CATEGORÍAS	LUGAR
<u>1ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 07/03/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Pistas de Atletismo de Ourense</i>	<u>1ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 03/01/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Arzúa</i>
<u>2ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 07/03/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Pistas de Atletismo de Noia</i>	<u>2ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 14/02/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Boimorto (Boimorto)</i>
<u>3ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 29/03/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera de Lugo</i>	<u>3ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 14/03/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>A Silva (Cerceda)</i>
<u>4ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 18/04/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Pistas de Atletismo da Fieiteira-Riveira</i>	<u>4ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 25/04/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Muros</i>
<u>5ª Xornada</u> <u>FASE FINAL</u> <u>PISTA</u> 20/06/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Santiago de Compostela</i>	<u>5ª Xornada</u> <u>Clasificatoria</u> 23/05/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Lestrove</i>
			<u>6ª Xornada</u> <u>FASE FINAL</u> <u>RUTA</u> 27/06/09	Benxamín Alevín Infantil Cadete	<i>Santiago de Compostela</i>

As probas a disputar na competición de pista serán **5 POR CATEGORÍA** e serán as seguintes:

BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
Salto de Lonxitude	Salto de Lonxitude	Salto de Lonxitude	Salto de Lonxitude
Lanzamento de Xavelina 300 gr	Lanzamento de Xavelina 300 gr	Lanzamento de Xavelina 400 gr	Lanzamento de Xavelina 500 gr
500 ml	500 ml	1000 ml	1000 ml
60 ml	80 ml	100 ml	100 ml
Relevos (4x60 m)	Relevos (4x80 m)	Relevos (4x100 m)	Relevos (4x100 m)

As probas en ruta constarán das seguintes distancias:

- ✚ **BENXAMÍNS e ALEVÍNS:** *un mínimo de 500 metros e un máximo de 2000 metros.*
- ✚ **INFANTÍS e CADETES:** *un mínimo de 2000 metros e un máximo de 4000 metros.*

As xornadas en ruta poderán disputarse en calquera lugar seleccionado a tal efecto sempre e cando respeten a regulamentación establecida.

Tódalas probas, tanto en pista como en ruta, serán celebradas indistintamente entre homes e mulleres.

ANTES DE CADA XORNADA PUBLICARASE O HORARIO DAS PROBAS NA WEB DA FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE, www.fundacioncompostela.org E NA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, www.atletismogalego.org, ONDE TAMÉN PODEREDES IR CONSULTANDO OS RESULTADOS E CLASIFICACIÓN DAS MESMAS.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Estableceranse tanto en ruta como en pista, dous tipos de clasificacións: unha individual e outra por equipos.

PUNTUACIÓN EN PISTA

Na competición en pista celebraranse catro xornadas previas clasificatorias de tódalas categorías, nas cales **clasifícaranse os dous mellores equipos e os 2 primeiros clasificados individuais por proba (en mulleres e homes)** directamente para a fase final. Estes equipos e atletas xa clasificados poderán seguir competindo nas seguintes xornadas pero non computarán a efecto clasificatorio nas mesmas (para a fase final).

Os equipos estarán compostos por un atleta por proba e 1 equipo de relevos tanto en mulleres como en homes. Os atletas que compitan individualmente só poderán participar en dúas probas como máximo.

O sistema de puntuación por equipos establecerase de xeito que cada atleta recibirá o número de puntos correspondente ao posto obtido en cada proba (é dicir, 1º clasificado: 1 punto, 2º clasificado: 2 puntos...e así sucesivamente). O equipo que menos puntos obteña habendo participado en tódalas probas (condición indispensable) será o gañador.

En caso de empate entre 2 equipos, vencerá o equipo que maior número de primeiros postos obteña nas súas clasificacións; se o empate persiste vencerá o que maior número de segundos postos obteña... e así sucesivamente ata desfacer o empate.

PUNTUACIÓN EN RUTA / CAMPO A TRAVÉS

Nas probas de ruta celebraranse 5 xornadas previas clasificatorias de tódalas categorías, nas cales clasificaranse os **2 mellores equipos e os 2 primeiros clasificados individuais (por categoría e sexo)** directamente para a fase final. Estes equipos e atletas xa clasificados poderán seguir competindo nas seguintes xornadas pero non computarán a efecto clasificatorio nas mesmas (para a fase final).

Os equipos estarán compostos por 5 participantes dos cales clasificarán só os 4 primeiros. A puntuación obterase sumando o número de puntos similar ó posto obtido por cada atleta na proba, é dicir, o clasificado en 1º lugar percibirá 1 punto, o 2º, 2 puntos e así sucesivamente... O equipo que menor número de puntos obteña será o gañador e así estableceranse o 2º, 3º, 4º, 5º,.... En caso de empate resolverase segundo o mellor posto obtido polo 4º clasificado do equipo.

TROFEOS POR XORNADA

En cada xornada outorgarase trofeo ós 3 primeiros equipos clasificados e medallas ós 3 primeiros clasificados individuais.

Tamén concederanse premio os 3 equipos ou clubs que aporten o maior número de atletas ó longo da competición. Estes premios serán outorgados na fase final.

LUGARES DE CELEBRACIÓN DAS COMPETICIÓNS

Pistas de Atletismo

- *Estadio da Universidade (Santiago de Compostela)*
- *Instalaciones Deportivas da Fieiteira (Riveira)*
- *Pistas de Atletismo de Noia*
- *Pistas de Atletismo Gregorio Pérez de Lugo*
- *Pistas de Atletismo de Ourense*

Lugares de celebración de probas en ruta / campo a través

- *Parque Eugenio Granell - Restollal (Santiago de Compostela)*
- *Boimorto*
- *Arzúa*
- *A Silva (Cerceda)*
- *Muros*
- *Lestrove*

INFORMACIÓN XERAL DAS PROBAS

1. Os atletas poderán competir de forma individual ou como integrantes de equipos.
2. Os atletas que compitan individualmente poderán competir en 2 probas como máximo.
3. Para inscribirse en cada xornada empregaranse dous medios:

✚ Correo electrónico: inscricionsFGAsantiago@gmail.com

✚ FAX: **981 191559**

✚ Teléfonos de información: **981 192331 / 981 555177 / 619847195**

Como máximo aceptaranse inscricións ata o venres anterior a cada competición ás 14 horas e nelas deberán constar o **nome, apelidos, data de nacemento, nº de seguro** ou **nº de licencia** (se o/a ten). Para a inscrición por equipos deberán constar os nomes dos compoñentes do mesmo para cada proba e a composición do equipo de relevos. Na inscrición individual deberán constar a/s probas nas que desexa participar.

ANTES DE CADA XORNADA PUBLICARASE O HORARIO DAS PROBAS NA WEB DA FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE, www.fundacioncompostela.org E NA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, www.atletismogalego.org, ONDE TAMÉN PODEREDES IR CONSULTANDO OS RESULTADOS E CLASIFICACIÓNS DAS MESMAS.

Agardamos de tódolos participantes a maior corrección e deportividade.

Moitas grazas pola súa participación.